

Actividades ano 2004:

Comeza a andaina deste ano, practicamente no mes de marzo, e vai vir marcado por unha gran actividade asemblearia, pois o cambio de directiva, xunto coa necesidade de adaptar os Estatutos á Lei 1/2002 de asociacións, vai obrigar a que se sucedan as asembleas, co fin de organizar e poñer ao día os acordos que por ela deben ser tomados.

Deste xeito, o día 6 de marzo de 2004, é cando se reúne a Asemblea Xeral Ordinaria. Esta asemblea, á que asisten 48 persoas, das que 40 son socios, vai ser decisiva, pois fraguarase o futuro inmediato da asociación. Cun saldo de 4.091'75 € a favor, o que nos indica unha boa saúde económica, a Presidenta M^a Soledad Mejuto expón aos presentes que a súa Directiva tomou a decisión de dimitir, xa que estivo á fronte durante a totalidade do seu mandato (dous anos) e creen que se debe deixar o posto a outras persoas que estean interesadas e que poden achegar novas ideas para o desenvolvemento dos fins da asociación.

Visto que non se presentaron candidaturas á presidencia, preguntouse aos socios e socias asistentes se alguén dos presentes quería facerse cargo da dirección da Asociación. Despois de varias peticións aos socios presentes para facerse cargo da presidencia, e sen querer coller ninguén tal responsabilidade, os propios socios asistentes pídenlle a Dolores Sangiao Cacheiro (Lola Sangiao) que se faga cargo da presidencia, ó que responde con cautela, que o pensará e dará unha resposta o máis pronto posible.

Ante tal situación, e para que a asociación non quede sen directiva, acórdase nomear unha Xunta Xestora (*ver foto 31*) integrada por María Soledad Mejuto González, Pilar López Lodeiro, Antonio Castro Granja e M^a Jesús Penela Mato, que van dirixir a Asociación ata que se presente unha persoa que se faga cargo da Dirección da Asociación Cultural Vista Alegre de Bandeira.

E van ter que pasar só tres días para que Lola Sangiao tome unha determinación importante para facerse cargo, porque o 9 de marzo de 2004, consta na acta da reunión, que a Xunta Xestora da Asociación Cultural Vista Alegre, composta por M^a Soledad Mejuto González, Pilar López Lodeiro, M^a Jesús Penela Mato e Antonio Castro Granja, toman en consideración a presentación dun escrito por parte de Dolores Sangiao Cacheiro (Lola Sangiao), no que se decide, visto as solicitudes dos socios, a asumir a presidencia da Asociación Cultural.

Visto isto, a Xunta Xestora acordou a celebración dunha Xunta de Asemblea Extraordinaria para a presentación e aprobación polos socios da nova presidenta e a súa xunta directiva. Tamén, debido á celeridade por ter necesidade de aprobar os novos Estatutos (tal e como obriga a lei) da asociación, decidese convocar Asemblea Extraordinaria para elección de Xunta Directiva, o día 23 de marzo de 2004 ás 20:30 horas en primeira convocatoria e ás 21 horas en segunda.

Ao mesmo tempo decídese nesa mesma reunión da Xunta Xestora, convocar outra Asamblea Extraordinaria para o sábado 27 de marzo de 2004 ás 20 horas en primeira convocatoria e 20:30 horas en segunda, co fin de levar a cabo a aprobación da reforma dos Estatutos.

E por fin, vai ser o 23 de marzo de 2004, ás 21 horas e en segunda convocatoria, cando se proceda á presentación e aceptación, da nova Xunta Directiva da Asociación Cultural Vista Alegre. Para isto, en primeiro lugar toma a palabra a Presidenta da Xunta Xestora, Loli Mejuto, e fai a presentación do acto, informando que despois da celebración da Asamblea Ordinaria do 6 de Marzo, Dolores Sangiao, habéndollo pedido moitos socios, amosou interés en presidi-la Asociación.

Seguidamente entrevistú a nova presidenta, a que agradeceu o traballo e o esforzo realizado pola anterior directiva e presentou os membros da nova Xunta Directiva, que queda constituída do seguinte xeito:

Presidenta: *Dolores Sangiao Cacheiro.*

Vicepresidenta: *Carmen Vieites Niveiros.*

Tesoureira: *Belén Miguez Montouto.*

Secretario: *Luis González Ayude.*

1ª vogal: *Mª Carmen Campos Espiño.*

2º vogal: *Manuel Salgueiro González.*

3ª vogal: *Carmen Celsa Lastres Radio.*

4ª vogal: *Leticia García Caramés.*

5º vogal: *José Codesido Pallares.*

6º vogal: *Alfredo López Mosquera.*

Despois de presentar os da Directiva e non habendo ningún socio que estivese disconforme, quedou aceptada esta Xunta Directiva por todos os socios asistentes.

Dous meses máis tarde, concretamente na acta do 6 de maio de 2004, atopamos a Xunta Directiva da Asociación Cultural Vista Alegre traballando arreo e con total soltura en temas como a celebración da Semana Cultural 2004 e tamén o nomeamento dunha Socia de Honra. É nesta data cando se acorda por unanimidade, nomear socia de Honra a Dna. Santa Viz Méndez, pola súa vinculación a esta Asociación dende os seus inicios, así como a colaboración desinteresada en temas culturais, educativos, etc, un acto que se celebrará o sábado 29 de maio, coincidindo co remate da Semana Cultural.

É agora tamén cando se programa unha excursión pola zona do Bierzo, xa que aínda non fora visitada pola asociación. O itinerario prevese que sexa o seguinte: Bandeira, visita ao poboado miñeiro das Médulas”, xantar en Ponferrada, no restaurante

Los Muelles e pola tarde visita a Ponferrada, Molina Seca, Quiroga, etc. Tamén se acorda realizar esta excursión o domingo día 6 de xuño.

Outra medida curiosa, froito da nova xestión da asociación, vémolos na acta da Xunta Directiva do día 18 de xuño deste ano, xa que ante a necesidade de financiar a compra dun televisor, e despois de revisar, en días anteriores, a oferta da casa comercial Televideo de Bandeira, expúxose ás asociacións que utilizan con máis frecuencia as instalacións deste Centro Cultural, a posibilidade de adquirir, entre todos, dito aparello, facendo unha achega económica de 70 € por asociación, ó cal responderon todas afirmativamente. As Asociacións participantes na compra desta televisión son as seguintes:

Asociación Xirandola de Bandeira.

Asociación Fortín da Pomba de Bandeira.

Sociedade Deportiva Bandeira.

Asociación Amigos da Empanada de Bandeira.

Asociación Musical Recreativa e Cultural de Bandeira.

Asociación Cultural Vista Alegre de Bandeira.

Vemos como se instaura unha nova fonte de financiamento, como é a colaboración entre as distintas asociacións que teñen actividade no centro, conveñen en que dito aparello permaneza nas instalacións do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira, para o uso e goce de todos eles e do público en xeral. Así mesmo acórdase que dito aparello non sexa desprazado a outros lugares xa que sufriría un deterioro importante.

Acórdase tamén que os representantes de ditas asociacións asinen a acta en sinal de conformidade e para que lles conste aos seus asociados/as a participación na compra deste aparello. Outra cuestión técnica, atopámola na acta da Xunta Directiva o 22 de outubro deste ano. Resulta que debido á avaría no ordenador do centro, a causa dunha treboada, deixouno imposible de reparar, polo que houbo que abordar a compra doutro ordenador. Ata aquí nada curioso, pero o que de verdade chama a atención é o xeito de solucionar o problema, outra vez con vías de financiamento externas e alternativas.

Despois de comunicarlle ao concello a avaría e solicitarlle un novo, e ante a dúbida de que o Concello conceda un novo, decidiuse facer unha petición a todos/as comerciantes e empresas de Bandeira e comarca, dunha achega económica voluntaria, o que supuxo a posibilidade de comprar un computador novo.

Na asemblea de decembro, como todos os anos, a Asociación Cultural Vista Alegre de Bandeira, con nova Xunta Directiva, fixo balance da xestión realizada nos meses comprendidos entre o 5 de marzo e o 15 de decembro do 2004. Coa aprobación dos novos Estatutos, a memoria da Asociación e o balance económico hai que pechalo o 15 de decembro.

Actividades:

Unha das actividades máis salientables do ano, foi a presentación do libro “*Cristóbal de Colón*”. (ver foto 32) Foi o 16 de abril no salón de actos do Centro Cultural o libro escrito polo egrexio párroco, home de excelente cultura e escritor D. Xosé Espiño Matos. O libro fálanos das hipóteses de que a liñaxe dos Colón proceda de terras de Trasdeza, e desenvolve as conclusións de longos anos de investigación e estudo sobre este tema. Foi presentado por Juan J. Salgueiro Montouto e neste acto participaron moitos veciños de Bandeira e Comarca.

De gran éxito foi a Semana Gastronómica que se celebrou dende o día 26 ata o 30 de abril, e nela participaron os seguintes Restaurantes:

Luns 26: *Rte. Gloria e Pastelería Dulce Deza de Bandeira.*

Martes 27: *Restaurante Nixon da Estrada.*

Mércores 28: *Hotel Katuska de Silleda.*

Xoves 29: *Restaurante Cabanas de Lalín.*

Venres 30: *Restaurante a Bombilla da Estrada.*

Queremos destacar que esta é unha das actividades das que atraen a un maior número de persoas, xa que en ningún día se baixou dos 75 asistentes.

Seguiuise celebrando, como cada ano, a Semana Cultural tal e como é tradicional nesta Asociación. Este ano, tivo lugar dende o martes 25 ata o sábado 29 de maio, e nesta Semana Cultural contamos coas seguintes actividades:

Martes 25: *Representación de clowns “O Gordo e o Calvo.*

Mércores 26: *Táboa de Aeróbic.*

Actuación do Humorista “Paco mi vida”

Xoves 27: *Película, “Buscando a Nemo”.*

Conferencia: A dieta actual en Galicia, excesos e déficits nutricionais, pola profesora Rosaura Leis Trabazo.

Venres 28: *Colchonetas inchables para nenos e nenas.*

Teatro: “Que nos deixen retirarnos en paz”.

Sábado 29: *Desfile de traxes Rexionais a cargo dos Grupos*

Fortín da Pomba de Bandeira

Asociación do Traxe Galego de Santiago

Xirandola de Bandeira

Actuaron as pandereteiras do Grupo Xirandola e os Gaiteiros do Grupo Fortín da Pomba.

Para rematares rendéuselle unha homenaxe e nomeouse Socia de Honra a Dna.

Santa Viz Méndez, (*ver foto 33*) pola súa colaboración, tal e como anteriormente vimos que tiña acordado a Xunta Directiva.

No ámbito das exposicións, houboas de:

Pintura.

Traballos de Tiffanis.

Traballos realizados en encaixe de bolillos.

Para toda esta programación, contouse coa colaboración do Concello de Silleda

No apartado de excursións, alcanzou gran relevancia a realizada ao Bierzo. Esta excursión realizouse o domingo 6 de xuño, saíndo de Bandeira ás 8 da mañá, e fixéronse varias visitas, a máis impactante ás Médulas, onde os participantes puideron admirar as impresionantes características deste antigo xacemento de ouro explotado polos romanos. O xantar foi no Restaurante los Muelles de Ponferrada, e pola tarde visitáronse varios lugares da provincia de León e Lugo. Nesta excursión participou unha gran cantidade de xente. Concretamente 71 persoas.

A outra excursión anual, estaba previsto que fose a Portugal, dende o 9 ata o 12 de outubro, pero non se puido facer xa que non se xuntou un número suficiente de xente.

De gran éxito foi o Magosto Popular, o venres 12 de novembro ás 9 da noite comezamos a gozar dunha pequena festa xa tradicional. Neste magosto, ademais de castañas tamén se puideron tomar o tradicional bolo preñado e viño. Amenizado todo isto tamén coa participación dos Gaiteiros do Grupo Xirandola.

Volveu polas datas de Nadal, a expoñerse un Belén realizado manualmente, con figuras decoradas nos cursos de manualidades e outros adornos tamén feitos por nenos e maiores.

No eido da formación, tamén se cobraron novos pulos, polo que imos vendo no resumo de actividades. Comezou cun Curso de Informática, que con comezo o día 4 de outubro e remate o 23 de novembro. As destinatarias destas clases, foron mulleres ocupadas e dadas de alta nalgún réxime da Seguridade Social. Participaron 17 alumnas.

Outro evento formativo de grande éxito, foi como cada ano o Curso de Aeróbic. É este un dos cursos organizado durante varios anos, comezou no mes de outubro e rematado no mes de xuño, habendo unhas pequenas vacacións polo Nadal. Os días de clase foron os luns e os xoves de 20.45 a 21.45 h. Nesta altura, asisten ás clases máis ou menos 15 persoas e pódense incorporar novos alumnos durante o ano.

Outro curso que tamén leva algúns anos de funcionamento, foi o de Ximnasia Te-

rapéutica, e neste momento, están participando 15 persoas. Os días de clase son os luns e os xoves de 18.30 a 19.30 h.

Tamén o Curso de Pintura leva varios anos de existencia neste Centro. Este ano contou con 14 participantes, sendo o día de clase os mércores e tendo dous horarios, de 18 a 20 e de 20 a 22 h. E xa no eido das manualidades puramente ditas, foi o Curso de Encaixe de Bolillos o que resiste o paso do tempo. Esta actividade tamén se vén facendo dende hai varios anos. Os días de clases son os luns e horarios de 20 a 22 h coa variedade que este ano as clases son cada 15 días. Estiveron 10 persoas matriculadas.

E non se abandonou tampouco a formación musical. Os afeccionados á Gaita, tiveron co Curso de Gaita, a oportunidade de aprender e perfeccionar os seus coñecementos todos os luns do ano dende as 20.30 ata as 22 h. da noite. Asistiron 8 alumnos ás clases

Novidade absoluta, foi o Curso de Patchwork. Esta Actividade comezou como novidade no mes de novembro, as clases impartíronse os xoves de 8 a 10 da noite e asistiron a elas 6 alumnas. Por último, houbo un intento de comezar cun novo curso de Danza Oriental pero non se xuntou un número adecuado de participantes

E así vai concluindo o ano, coa visita de Papá Noel aos fogares. Como en anos anteriores, realizouse esta actividade o 24 de decembro. Consiste na visita que Papá Noel realiza habitualmente aos fogares dos nenos cuxos pais o solicitan, deste xeito repártelles os agasallos que os nenos piden, e o 25 de decembro xa é tradicional facer esta festa para os máis pequenos. Houbo un desfile dunha carroza en forma de trineo adornada con luces e outros elementos e con papá Nöel acompañado de paxes. No Centro Cultural, os rapaces foron recibidos por este persoeiro que lles entregou un agasallo, participaron nunha representación artística para os nenos e logo compartiron unha merenda.

Por último, quedanos destacar que foi este un ano de renovación dos Estatutos da Asociación, que o 8 de abril, foron presentados no rexistro de entrada da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local que foran aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria polos socios de Vista Alegre. Ditos Estatutos viñeron aprobados, quedando a súa redacción tal e como segue:

Estatutos da asociación cultural Vista Alegre de Bandeira:

Capítulo 1: da asociación en xeral.

Artigo 1º.

1º. Procédese a adaptar os Estatutos da Asociación denominada Asociación Cultural Vista Alegre de Bandeira con nº de Rexistro Provincial 1.041, sección 1ª (Goberno Civil de Pontevedra) de Asociacións sen ánimo de lucro e con C. I. F. G-36019917.

2º.- A Asociación rexerase polos presentes Estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º. *Son fins principais da Asociación:*

- a.** O fomento de todo tipo de actividades culturais.
- b.** Fomento da solidariedade e a participación da cidadanía nos diferentes ámbitos da vida da comunidade.
- c.** Información e asesoramento xeral na área da muller.
- d.** Difusión da lingua galega, tanto oral como escrita.
- e.** Patrocinio de Grupos de Baile, Bandas de Música, Rondallas, Grupos de Gaitas, Grupos de Teatro, Coros, etc.
- f.** Potenciación de novas tecnoloxías.
- g.** Fomenta-la unión e asociacionismo entre os máis xóvenes.
- h.** Organización de actividades destinadas á Terceira Idade.

Artigo 3º. *Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organizar as seguintes actividades:*

- a.** Organización de varios cursiños didácticos ao longo de todo o ano.
- b.** Convocatoria de reunións para animar aos cidadáns a participar activamente na organización de diversas actividades que se organicen.
- c.** A través de conferencias, cursiños e outras actividades relacionadas co mundo laboral, loitarase pola igualdade de oportunidades das mulleres
- d.** Realización de Cursos de galego para potenciar a nosa lingua, así como todo o que se publique dentro da Asociación (Cartas, carteis, anuncios, etc) será na lingua galega.
- e.** Ofrecerase toda a información e apoio necesario para a creación e potenciamento de todo tipo de grupos de baile, bandas de música, teatro, rondallas, etc.
- f.** A instalación de varios servizos para atención a socios e veciños: Bar, Biblioteca, Salón de Actos, Sala de Reunións, Sala de T.V. e audicións, acceso a Internet, etc.
- g.** Realización de cursiños, conferencias, convivencias, excursións, etc que consigan a unidade da xente máis xove.

h. Publicación nos medios especializados de difusión de artigos relacionados cos fins e actividades desta Asociación.

i. Campañas de divulgación de socios para a súa captación.

j. Excursións culturais programadas para coñecer mellor a nosa Rexión e tamén o resto de España.

k. Todas aquelas actividades que tenden aos fins referidos.

Como Asociación sen ánimo de lucro, destinarase aos devanditos fins polo menos o setenta por cento das rendas netas e outros ingresos que se obteñan por calquera concepto exceptuándose as achegas efectuadas en concepto de dotación patrimonial. Os asociados e familiares non serán os principais destinatarios das actividades realizadas pola Asociación.

Artigo 4º. *O domicilio principal e permanente da Asociación, radicará na localidade de Bandeira, rúa Vista Alegre nº 16, C.P. 36570, teléfono 986 58 55 50 – 986 58 57 55, correo electrónico asocvistalegre@terra.es.*

Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais, tanto no mesmo pobo como noutras cidades, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ao Organismo encargado do rexistro de Asociacións. Para os efectos de comunicacións e notificacións sinalase como preferente a seguinte dirección:

Domicilio: Rúa Vista Alegre nº 16

Localidade: Bandeira · C.P. 36570

Teléfono 1: 986 58 55 50

Teléfono 2: 986 58 57 55

Fax: 986 58 55 50

Correo electrónico: asocvistalegre@terra.es

Artigo 5º. *A Asociación en funcións dos seus fins e da ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Provincia de Pontevedra.*

Artigo 6º.

1º. A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2º. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Capítulo 2: dos socios.

Artigo 7º. *Poderán ser integrantes da Asociación todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar ou tras o acordo do órgano competente da persoa xurídica, que reúnan os seguintes requisitos:*

- a. Ser maior de idade.
- b. Ter nacionalidade española.

Artigo 8º. *Dentro da Asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:*

- a. Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a Acta Fundacional.
- b. Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c. Honorarios: aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da Asociación.
- d. Infantís, aquelas persoas menores de 18 anos que participen na Asociación, que estarán integradas na sección infantil, no seu caso.

Artigo 9º. *Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:*

- 1º. Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
- 2º. Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
- 3º. Tomar parte en cantas actividades organize a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- 4º. Gozar de todas as vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
- 5º. Ter copia destes Estatutos.
- 6º. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
- 7º. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- 8º. Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde a mellorar o cumprimento dos fins da Asociación.
- 9º. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 10º. *Son obrigas dos asociados e asociadas:*

- 1º. Prestar cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
- 2º. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
- 3º. Asistir ás Asembleas Xerais.
- 4º. Satisfacer as cotas que se establezan.
- 5º. Observar unha boa conduta individual e cívica.
- 6º. Acatar o contido dos Estatutos

7º. Cumprir os acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.

8º. No caso de querer darse de baixa na Asociación, comunicalo á Xunta Directiva cando menos un mes antes.

Artigo 11º. *Os asociados e asociadas honorarios e infantis non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.*

Artigo 12º. *Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través de representante, a solicitude deberá ser autorizada polo representante, pai ou titor do solicitante e acompañará unha acreditación da identidade do solicitante.*

Artigo 13º. *A condición de asociado pérdese:*

1º. Por vontade propia.

2º. Por falta de pagamento nas cotas

3º. Por realización de accións que danen gravemente os intereses da Asociación

4º. Por expediente disciplinario

Artigo 14º. *A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do/a interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.*

Cando a baixa se produza por vontade dun/unha asociado/a, este/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ao aboamento previo de todas as cotas que teña pendentes.

Artigo 15º. *Os asociados/as poderán pedir a separación temporal por escrito.*

A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado cando se estea tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como atraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten á boa marcha dalgún dos fins da asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de Réxime interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Capítulo 3: dos órganos da asociación.

Artigo 16º. *A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.*

Artigo 17º. *O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.*

O Presidente será designado pola Asemblea Xeral entre socios que teñan polo menos 1 ano de antigüidade e o seu mandato durará 2 anos. Será Asistido nas súas funcións por un vicepresidente, que o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 18º. *A Xunta Directiva estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e a lo menos tres vogais, cargos que deberán recaer en asociados/as que leven polo menos un ano na Asociación. Ademais a Xunta Directiva poderá designar aos asesores e colaboradores que considere oportunos.*

Artigo 19º. *Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.*

Elixiranse pola Asemblea Xeral os cargos e durante un período de 2 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Os cargos cesarán na súa función por pasamento, renuncia voluntaria, e por transcurso do prazo para o que foron elixidos. A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cese automático, senón que deberase facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor ou ben esperar ata que a Xunta Directiva nomee temporalmente a un substituto se se trata de renuncia voluntaria.

Artigo 20º. *É función da Xunta Directiva programar e dirixir as actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.*

Así mesmo procederá a convocar e fixar a data da Asemblea Xeral, fixar as cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

Artigo 21º. *A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente ou o Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos*

seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente ou Secretario, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, de seis dos seus membros. No caso de empate, decidirá o voto do Presidente.

O Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente levantará acta das sesións, que transcribirá ao libro de actas.

Artigo 22º. *Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de recabar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións o número de vogais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.*

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobren en subcomisións.

Artigo 23º. *A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por todos os integrantes da mesma. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.*

Artigo 24º. *A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao Presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.*

Artigo 25º. *A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.*

A notificación farase nos locais da Asociación para as Asembleas Ordinarias e no domicilio dos asociados para as Asembleas Extraordinarias.

Artigo 26º. *Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:*

- 1º.** Elixir o Presidente e este elixirá os membros da Xunta Directiva
- 2º.** Aprobar o plan de actividades.
- 3º.** Examinar e aprobar a memoria de actividades.

- 4º. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- 5º. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- 6º. Exame e aprobación das cotas.

Artigo 27º. *Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:*

- 1º. Modificar os Estatutos da Asociación
- 2º. Aprobar a federación con outras Asociacións.
- 3º. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- 4º. Acordar a disolución da Asociación.
- 5º. Designar os/as liquidadores/as.
- 6º. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
- 7º. Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
- 8º. Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación.
- 9º. As que sendo de competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
- 10º. Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 28º. *Para que as Asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade mais un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.*

Artigo 29º. *Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos aos apartados 1 ó 7 do artigo 27, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ao Libro de Actas e asignará o/a Presidente/a, o/a Secretario/a da Asemblea. A Acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.*

Artigo 30º. *Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a todos/as asociados/as incluso aos/ás non asistentes.*

As sesións abriranse cando así o determine o/a presidente/a. Seguidamente procederase por parte do/a Secretario/a á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o/a secretario/a procederá a establecer a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose á aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 31º. *Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación, poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.*

Artigo 32º. *O/a Presidente/a da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 17º, as seguintes atribucións:*

- a.** Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- b.** Proponer o plan de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c.** Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- d.** Representar a Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- e.** Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da Asociación xunto co secretario/a ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

O/a presidente/a será asistido nas súas funcións por un vicepresidente, que ademais, o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 33º. *O/a secretario/a recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro de asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle así mesmo notificar as convocatorias e custodiar as actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente.*

Ao Secretario correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da Asociación nun libro establecido ó efecto.

Artigo 34º. *O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en todas as operacións de orde económico.*

O tesoureiro ten a obriga de proceder ao peche do exercicio presupostario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

Artigo 35º. *Os vogais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:*

- 1º.** Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- 2º.** Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

Capítulo 4: réxime económico.

Artigo 36º. *A Asociación dispón dun patrimonio de 4.091.75 Euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.*

Artigo 37º. *A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presuposto será elaborado polo Tesoureiro da Asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.*

Artigo 38º. *A Asociación manterase dos seguintes recursos:*

1º. As cotas periódicas dos/as asociados/as.

2º. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.

3º. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.

4º. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.

5º. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 39º. *As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso ningún e dedicándose a atender as necesidades da Asociación.*

Artigo 40º. *Anualmente con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elabóranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aproballo ou censuralo.*

Artigo 41º. *Anualmente no tempo que establece o artigo 25, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral Ordinaria.*

Artigo 42º. *Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade correspondente o presidente e o tesoureiro, así como outro membro autorizado da Xunta Directiva, para a utilización conxunta deles.*

Artigo 43º. *Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.*

Capítulo 5: do regulamento de réxime interno.

Artigo 44º. *O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.*

Capítulo 6: modificación de estatutos e disolución da asociación.

Artigo 45º. *Os presentes Estatutos só poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou 1/4 dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera socio/a poida dirixir á Secretaría as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.*

Artigo 46º. *Para ser aprobada a reforma dos Estatutos, será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral de socios.*

Artigo 47º. *A Asociación disolverase polas seguintes causas:*

- 1º.** *Pola vontade dos/as asociados/as acordada polas 2/3 partes dos mesmos/as*
- 2º.** *Por outras causas determinadas legalmente.*
- 3º.** *Por sentenza xudicial.*

Artigo 48º. *Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a presidente/a e o/a tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.*

Artigo 49º. *O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa, preferiblemente do mesmo pobo, e inscrita na Comunidade Autónoma de Galicia que teña os mesmos ou similares fins aos desta Asociación.*

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.